



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE SETEMBRO DE 2021

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00042612M.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 17 de setembro de 2021.
- Ordinaria de data 20 de setembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de data 21 de setembro de 2021.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021469E.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 27/07/2021 para a demolición e construción de vivenda unifamiliar na Rúa Vázquez de Parga, Santiago de Compostela ( A Coruña).

SEGUNDO.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

TERCEIRO.- CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 27/04/2021 e a documentación presentada o 26/08/2021 e o 3/09/2021, a demolición e construción de vivenda unifamiliar na Rúa Vázquez de Parga, Santiago de Compostela ( A Coruña) cun orzamento de execución material de 171.547,57 €.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015754B.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase CONCEDER a LIDL SUPERMERCADOS, S.L.U. licenza de obras para ampliación da nave comercial e execución de marquesiña exterior, na RÚA ESLOVENIA 2, segundo Proxecto técnico, , co visado do ICOIIG de data 08/04/2021 e anexo con data de rexistro de 26/05/2021, cun orzamento de execución material de 1.336.128,12 €, baixo a dirección facultativa do proxectista.

A superficie construída da edificación trala ampliación será de 1.944,48 m<sup>2</sup> (1.774,83 m<sup>2</sup> en planta baixa e 169,65 m<sup>2</sup> en planta alta), a altura máxima de fachada manterase nos 9,31 metros actuais.

A superficie ocupada pola marquesiña será de 1.255,82 m<sup>2</sup>, cunha altura máxima de 3,50 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza D do Plan Parcial do SUNP-37, 1º sector de Costa Vella.

#### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00006932R.**

##### **Licenza obra maior.**

Acórdase CONCEDER licenza para o proxecto básico e a documentación presentada o 26/07/2021, cun orzamento de execución material de 171.500,00 €. O proxecto básico refírese á rehabilitación de vivenda situada na Rúa dos Cabalos, 27 Santiago de Compostela (A Coruña). Advirtéselle á interesada que non poderá iniciar as obras ata que sexa informado favorablemente e se autorize expresamente o Proxecto de Execución que desenvolva o Proxecto Básico aprobado. O proxecto de execución debe conter o preceptivo visado colexial.

#### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00005180W.**

##### **Licenza obra maior.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 24/12/2020, outorgada ante notario co número de protocolo mil quinientos corenta e sete. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder licenza para o proxecto básico modificado de data de visado do 15/07/2021, e a documentación presentada o 10/08/2021, cun orzamento de execución material de 137.065,50 €.

#### **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00020192X.**

##### **Licenza de segregación-agrupación de fincas.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 07/05/2021, segregación-agrupación de fincas 529, 530 Y 514-A sitas en Lugar de Torre Blanca - Aríns, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

*PARCELA RESULTADO 1. (529-530). Plano xeneral da zona de San Martiño de Aríns. Terreo destinado a labradío e monte no sitio de Agra do Pombal. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza. 16. De protección Agropecuaria. Superficie 12.538,00m<sup>2</sup>s.*

*PARCELA RESULTADO 2. (530 A-514<sup>a</sup>1). Plano xeneral da zona de San Martiño de Aríns. Terreo destinado a labradío e monte no sitio de Agra do Pombal. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria. Superficie 5.865,00 m<sup>2</sup>*

*PARCELA RESULTADO 3. (514-A), procedente de finca 514, terreo destinado a prado, labradío e monte secano, no sitio de Santiago. Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria. Superficie 5.865,00 m<sup>2</sup>*

#### **7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00027306V.**

##### **Aceptar cesión de viario e licenza de segregación.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 16 de abril de 2021, outorgada ante notario, co número de protocolo novecentos incuente e tres. Cesión 123,00m<sup>2</sup>

SEGUNDO: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 15.06.2021, a segregación na Rúa Marrozos 35, Santiago de Compostela, A Coruña, parcela con referencia catastral 15079A51602684 nas seguintes parcelas de resultado:

*PARCELA RESULTADO MATRIZ RESULTANTE. Superficie Neta 3.136,00 m<sup>2</sup>. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado, Calificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural (920,00m<sup>2</sup>s). Na parte oeste Solo Clasificado Rústico Categoría sin Protección e Cualificado O 16 Solo Rústico de Protección Agropecuaria. (2.216,00m<sup>2</sup>s).*

*PARCELA RESULTADO SEGREGADA. Superficie Neta 870,00 m<sup>2</sup>. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado, Calificado como Ordenanza 14 de extensión de Núcleo Rural.*

A licenza entendese outorgada salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro.

## **8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00016274W.**

### **Licenza de segregacion.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 15/04/2021, a segregacion e agrupación de parcelas sitas no Vilar Outeiro 15 ( Berdía) Santiago de Compostela ( A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

*PARCELA RESULTADO FINCA 861. Superficie Bruta e Neta 7.158 m2s*

*PARCELA RESULTADO FINCA 862. Superficie Bruta e Neta 2.978 m2s*

A licenza entendese outorgada salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro. Faise constar que presente segregación informase a partir dos datos reais resultantes do levantamento topográfico sen perxuízo das consecuencias rexistras que elo conleve para o interesado.

## **9. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: CON/88/2018.**

### **Modificación supervisor contrato de obras de restauración da legalidade en Rúa Garcia Prieto 9/11 DIS/589/2005.**

Acórdase modificar o nomeamento inicial polas razóns expostas e nomear como funcionario técnico supervisor do seguimento do contrato de obra celebrado coa Empresa JSTOP OBRAS Y SERVICIOS S.L.; para a execución das obras de reposición da legalidade na Rúa García Prieto 9/11 en execución de sentenza.

## **10. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XPL/3/2019.**

### **Aprobación definitiva de proxecto reformado de Normalización de predios na rúa da Estrada (números 84-86).**

Apróbase definitivamente o Proxecto de normalización de predios nos números 84-86 da rúa da Estrada, segundo o proxecto presentado.

## **11. CONTRATACIÓN. Referencia: Orde continuidade 40/17.**

### **Orde continuidade CON/40/17 Prestación do servizo de conservación, mantemento e reparación de instalación térmicas de calefacción e agua quente sanitaria dos edificios municipais.**

Dase a orde de continuidade

## **12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033317W.**

### **Aprobación do expediente denominado Instalación de alumeado público na rúa das Estrelas e a apertura do procedemento de adxudicación**

Apróbase o expediente denominado *Instalación de alumeado público na rúa das Estrelas* e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de **68.050 euros** (56.239,67 euros + 21% IVE, que ascende a 11.810,33 euros). O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 020-16500-6090001 Proxecto 2021 2 INVAL 4.

## **13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035771H.**

### **Aprobar o expediente da Execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción social (D.A. 4ª LCSP), abrir o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e autorizar o gasto que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15321 6190003 – 2020 4 RLTOU 62 12.**

Apróbase o expediente que ten por obxecto a licitación da *Execución das obras definidas no proxecto denominado "Mellora da accesibilidade do Concello de Santiago 2021" reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción social (D.A. 4ª LCSP)*, abrir o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e autorizar un gasto total por importe de **222.606,40 euros** que se corresponde co Importe Base de Licitación (Base Impoñible de 183.972,23 € e IVE 21% de 38.634,17 euros) e que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15321 6190003 – 2020 4 RLTOU 62 12.

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00034699G.**

**Autorización da redacción de proxecto modificado das obras de acondicionamento de terreo na rúa Triacastela para aparcadoiro en superficie.**

Acórdase autorizar a redacción dun proxecto modificado das obras de acondicionamento de terreo na rúa Triacastela para aparcadoiro en superficie e suspender o inicio dos traballos ata a súa definitiva aprobación.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00036163L.**

**Prórroga e revisión IPC contrato de alugamento do local de 90 m<sup>2</sup> sito na Rúa Santa Cristina nº 22 baixo para uso sociocultural do Casco Histórico.**

Acórdase:

Primeiro: Prorrogar o contrato de alugamento do local de 90 m<sup>2</sup> sito na Rúa Santa Cristina nº 22 baixo para uso sociocultural do Casco Histórico, polo prazo de SEIS MESES a contar esde o 1 de outubro de 2021 ata o 31 de marzo de 2022.

Segundo: Proceder a revisión da renda do citado contrato segundo as variacións experimentadas polo IPC no periodo comprendido entre xuño de 2010 e xuño de 2021, que supón un incremento relativo do 13,8 %, quedando fixado o prezo do contrato dende o 1 de outubro de 2021 no importe mensual de 1.085,45 € IVE incluído-

-Importe mes ata 30/09/2021: 953,82 € IVE incluído. Importe mes a partir do 01/10/2021 tras a revisión de IPC: 1.085,45 € IVE incluído.

-Anualidade 2021 IVE incluído sen revisión de IPC: (01/10/2021 ata 31/12/2021): 2.861,46 €.

-Gasto de incremento por IPC para o ano 2021 IVE incluído (01/10/2021 ata 31/12/2021): 394,89 €

-Anualidade 2022 IVE incluído (01/01/2022 ata 31/03/2022): 3.256,35 €.

O gasto correspondente á prórroga e revisión de IPC, satisfarase con cargo á partida do orzamento municipal de arrendamentos nº 040 33403 2020000- ARRENDAMENTOS DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercizo.

**16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00019942J.**

**Subsanación erro no Acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 10/05/2021 relativa a aprobación de inicio do expediente Servizo Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Parque de Brandía do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4º LCSP, e apertura do procedemento de adxudicación.**

Acórdase subsanar o erro material advertido no acordo de Xunta de Goberno Local de 10 de maio, polo que se aprobaba o gasto e apertura do expediente denominado Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Parque de Brandía do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4º LCSP de xeito que:

Onde di:

*“Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279902, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:*

*Anualidade 2021: 38.140,55 euros.*

*Anualidade 2022: 91.537,33 euros.*

*Anualidade 2023: 91.537,33 euros.*

*Anualidade 2024: 53.396,78 euros.”*

Debe decir:

*“Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279902, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:*

*Anualidade 2021: 45.768,67 euros.*

*Anualidade 2022: 91.537,33 euros.*

Anualidade 2023: 91.537,33 euros.  
Anualidade 2024: 45.768,66 euros.”

**17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00015265M.**

**Dar conta resolución TACGal nº 176/2021 recaída no recurso nº 175/2021 contra a resolución da adxudicación da XGL da licitación “Subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do Centro de Control do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela” .**

Dáse conta da resolución nº 176/2021 do TACGal pola que:

Primeiro: Desestímase o recurso especial nº 165/2021 interposto por ADTEL SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN S.L, contra contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de 26/07/2021 polo que se adxudicaba á empresa NORTCONSULTING SOLUCIONES SL a “*Subministración e instalación de sistemas de seguridade, comunicacións e modernización do Centro de Control do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela*” e excluía a ADTEL SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN SL por resultar inviable a súa oferta

Segundo: Levántase a suspensión automática producida por efecto do artigo 53 da LCSP.

Terceiro: Decárase que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso.

**18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038628T.**

**Dar conta da resolución 118/2021 recaída no recurso especial 174/2021 contra a resolución da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela 26/07/2021 polo que se declara deserto o expediente de contratación da Revisión do Plan de Mobilidade Urbana e sostible PMUS.**

Dase conta da resolución nº 188/2021 do TACGal pola que se desestima o recurso especial nº 174/2021 interposto por UTE TERRAVANZA - MULTICRITERI – MCRIT, contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de 26/7/2021 pola que declaraba deserta a licitación da Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS).

**19. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable de facturas S/2021/151. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes a diferentes períodos entre abril e xullo do ano 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MILTRESCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (1.362,97 €), segundo relación contable de facturas S/2021/151 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/2717 por importe de 13,78 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA, SLU), e remata pola número F/2021/3786 por importe de 11,02 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA, SLU).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**20. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable facturas S/2021/161. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas pola empresa Schindler, S.A. en concepto de mantemento e servizo de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao mes de xullo de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA E OITO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (98,17 €), segundo relación contable de facturas S/2021/161 que se achega no expediente, e que comeza pola factura

número F/2021/3631 por importe de 49,77 euros e remata pola número F/2021/3633 por importe de 48,40.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **21. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/150.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por sistemas de seguridade a-1, s.l. en concepto de servizos de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos do mes de abril e do mes de xullo do ano 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON UN CÉNTIMO (1.136,01 €), segundo relación contable de facturas S/2021/900 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/1752 por importe de 200,38 euros e remata pola número F/2021/3515 por importe de 915,85 euros, expedidas pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **22. CONTRATACIÓN. Referencia: corrección erros xgl do 17/08/2021.**

**Corrección erros materiais no punto 26 dos asuntos tratados na XGL do 17/08/2021.**

Acórdanse as seguintes correccións de erros:

ONDE DI:

*“EXPEDIENTE: Validación S/2021/126”*

DEBE DICIR:

*“EXPEDIENTE: Validación S/2021/131”*

ONDE DI:

*“PROPOSTA*

*...Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo factura F/2021 que se achega no expediente, ...”*

DEBE DICIR:

*“PROPOSTA*

*...Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo factura F/2021/131 que se achega no expediente, ...”*

ONDE DI:

*“A Xunta de Goberno Local acorda:*

*....Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo factura F/2021 que se achega no expediente, ...”*

DEBE DICIR:

*“A Xunta de Goberno Local acorda:*

*....Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (13.313,53 €), segundo factura F/2021/131 que se achega no expediente,....”*

### **23. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: Gastos servizo de alumado público meses maio e xuño 2021.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa “Ferrovial Servicios, SAU” da cantidade de 154.576,92 euros en concepto de prestación dos servizos de mantemento do alumado público, instalación eléctricas dos locais municipais e instalación de alumado**

**ornamentais dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela correspondente aos meses de maio e xuño de 2021.**

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da prestación dos Servizos de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalación de alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela por parte da empresa Ferrovial Servicios SAU.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 154.576,92 euros, correspondentes á relación contable de facturas S/2021/144, que comeza pola número F/2021/2681 por importe de 77.288,46 euros e finaliza pola número F/2021/3302 por importe de 77.288,46 euros, a favor de Ferrovial Servicios, que se imputarán á partida orzamentaria 020 16500 2270900 do exercizo 2021.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar perxuizos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se evite eses perxuizos.

**24. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: S/2021/73 MAR-ABRIL.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos servizos de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumado ornamentais dos monumentos do concello de Santiago de Compostela correspondente aos meses de marzo e abril de 2021. Relación S/2021/73.**

Acórdase:

1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da prestación dos Servizos de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalación de alumado ornamental dos monumentos do concello de Santiago de Compostela por parte da empresa Ferrovial Servicios SAU.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 156.291,43 euros, correspondentes á relación contable de facturas S/2021/73, que comeza pola número F/2021/1508 por importe de 77.288,46 euros e finaliza pola número F/2021/1988 por importe de 77.288,46 euros, a favor de Ferrovial Servicios SAU, que se imputarán as partidas orzamentarias 020 16500 2270900 e 020 16500 2130000 do exercizo 2021.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar perxuizos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se evite eses perxuizos.

**25. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Liquidación primeiro e segundo trimestre 2021 Autocares Rías Baixas.**

**Aprobar as entregas a conta de autocares Rías Baixas S.L., polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros primeiro e segundo trimestre do 2021, por importe de 112.513,86 €.**

Apróbanse as citadas entregas.

**26. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020335S.**

**Prórroga das autorizacións de venda ambulante de artesanía ata o 31 de outubro de 2021.**

Acórdase prorrogar as autorización de venda ambulante de artesanía ata o vindeiro 31 de outubro de 2021, coa obriga por parte dos autorizados de manter o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases para o exercicio da actividade.

**27. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.**

**“Acondicionamento de oficinas para a concellería de Medio Rural e o servizo de Parques e Xardíns no recinto ferial de Amio.**

APRÓBASE o proxecto básico e de execución refundido da obra “Acondicionamento de oficinas para a Concellería de Medio Rural e o Servizo de Parques e Xardíns e implantación de novas instalacións para a Brigada de Parques e Xardíns no recinto feiral de Amio”, de data agosto de 2021, e que ten as seguintes características.

- Orzamento: 299.977,79 euros +62.995,34 euros de IVE = **362.973,13 euros**.
- Prazo de execución: 4 meses.
- Clasificación para os efectos de acreditar a solvencia técnica e económica: grupo “C” – subgrupo “2”-categoría “3”.

**28. GRUPOS POLÍTICOS. Referencia: 2021/00042612M.**

**Declaración do barrio de San Pedro como “Barrio amigable, diverso e libre de discriminación LGTBIQ+”.**

Acórdase declarar o barrio de San Pedro “Barrio amigable, diverso e libre de discriminación LGTBIQ+”.

**29. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2021/00040110X.**

**Aprobación da concesión de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2021.**

Acórdase:

1. Aprobar a concesión de subvencións ás asociacións de veciños para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2021.

	Nome da entidade	Propostafinal
1	AV AS CANCELAS	1.348,16 €
2	AV ÁLVARO CUNQUEIRO	5.100,00 €
3	AV CAMIÑO DE SANTIAGO	1.993,64 €
4	AV SANTA MARTA - CHOUPANA (VEDESMA)	1.503,07 €
5	CASA AGRARIA	5.100,00 €
6	AV A XUNTANZA	2.287,45 €
7	AV BARRIO DE GUADALUPE A PONDEROSA	3.000,00 €
8	AV CIDADE HISTÓRICA FONSECA	3.000,00 €
9	AV A GRACIA	1.038,75 €
10	AV BERDÍA	1.021,05 €
11	AV REGO DAS PEDRAS	524,85 €
12	AV A XUNLLA DE LARAÑO	475,01 €
13	AV MONTE LONGO	2.544,00 €
14	AV FRANCISCO GARCÍA BEIRO DE MARROZOS	3.000,00 €



15	AV PLATAFORMA DE GALERAS	646,88 €
16	AV SANDRA PREGO RIAL	3.000,00 €
17	AAVV DO RURAL DE SANTIAGO - FERUSA	3.000,00 €
		<b>38.582,86 €</b>

2. Aprobar a liberación dos créditos sobrantes por importe de **61.417,14 euros**.

**30. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00019726G.**

**Concesión da transferencia corrente ao Patronato Casa da Troia como consecuencia da sinatura do convenio 2021.**

Dase conta da sinatura do convenio co Padroado da Casa da Troia, e acórdase proceder a efectuar a transferencia correspondente ao 2021, polo importe total previsto de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890201.

**31. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022360Q.**

**Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e Performa, Sociedade Cooperativa Galega para o ano 2021.**

Dase conta da sinatura do convenio coa Plataforma Sociedade Cooperativa Galega, por importe de 50.000 euros.

**32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00042674K.**

**Defensa do Auditorio de Galicia no Procedemento Ordinario 7619/2021 e pieza separada de medidas cautelares 7619 /2021 0001 tramitados ante no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo Sección 3ª.**

Acórdase ordear o personamento no procedemento xudicial indicado, autorizando a Asesoría Xurídica a asumir a defensa e representación do Auditorio de Galicia no devandito procedemento principal, na peza de medidas cautelares e en calquera outra fase o incidente derivada dos mesmos. (CINEUROPA)

**33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00042677R.**

**Personamento nos Autos P.O. 7241/2021 da Sección 3 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación ao establecemento dun réxime específico para a prestación do servizo de autotaxi polos taxistas de o pino ata ao aeroporto de Lavacolla.**

Acórdase ordear o personamento no procedemento xudicial indicado, autorizando a Asesoría Xurídica a asumir a defensa e representación do Concello.

**34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00041239N.**

**Dacción de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 91/2019 ditada polo Xulgado do Social núm. 4.**

Sentenza nº 240/2021.

Obxecto: mensualidades non percibidas e trienios.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

**35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00041248K.**

**Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento SSS 229/2020 S4.**

Sentenza nº 214/2021.

Obxecto: dereito a percibir o 100% da prestación por xubilación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

**36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00041243Q.**

**Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PO 040/2020 Social 4.**

Sentenza nº 212/2021.

Obxecto: diferenzas retributivas C1-20 / A2-22 exercicio 2019.

Acórdase:

- Tomar coñecemento da sentenza.
- Non interpoñer recurso de suplicación.
- Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

**37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00041241Z.**

**Dación de conta á Xunta de Goberno Local do auto recaído no procedemento PO 414/2020 CA1.**

Auto nº 127/2021

Obxecto: suspensión expediente para outorgamento de licenza de actividade hoteleira.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do auto.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

**38. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00042612M.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 17 ao 23 de setembro de 2021.

**URXENCIAS**

**39. Referencia. CON/58/2021 Subministro de 70 colectores de carga lateral de 2.000 litros e 100 colectores de carga traseira de 120 litros para a recollida selectiva de biorresiduos no Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase:

- Aprobar o expediente de licitación da "Subministración de 70 colectores de carga lateral de 2.000 litros e 100 colectores de carga traseira de 120 litros para a recollida selectiva de biorresiduos no Concello de Santiago de Compostela e abrir o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

- Autorizar un gasto de 60.000,00 euros que corresponde a:

- Lote I: 52.500 euros (Orzamento sen IVE: 43.388,43 € e IVE: 9.111,57 €)

- Lote II: 7.500,00 euros (Orzamento sen IVE: 6.198,35 € IVE: 1.301,65 €)

O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 3.

O financiamento desta actuación forma parte das axudas en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

**40. Referencia. 2021/00028531T. Rectificación, revisión ou revogación de actos administrativos municipais (LG).**

Acórdase:

Primeiro. Revogar de oficio o acordo da Xunta de Goberno do 30.12.2020 polo que se aproba a xustificación da convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local, anualidade 2020, na parte específica que afecta a Dea Moeta SL e, no seu lugar, aprobar a xustificación e o pagamento da axuda da liña B do programa Coidar para mellorar, anualidade 2020, a Dea Moeta SL, por importe de 1.960,85 euros e proceder ao seu pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 080 33402 4790000.

Segundo. Notificar este acordo á interesada e á Base de Datos Nacional de Subvencións.